



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
  - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
  - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
  - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
  - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
  - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
  - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. De acordo co artigo 43.3 da Constitución española:**

- A) Os poderes públicos regularán a utilización do ocio de acordo coas leis.
- B) Os poderes públicos fomentarán a adecuada utilización do ocio.
- C) Os poderes públicos establecerán as bases para a utilización do ocio.
- D) Na Constitución española non se fai referencia algunha ao ocio.

**2. De acordo co recollido no artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, son funcións do Parlamento de Galicia:**

- A) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- B) Controlar a acción executiva da Xunta de Galicia.
- C) Elixir de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia.
- D) Todas as respostas son correctas.

**3. De acordo coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:**

- A) A selección do persoal estatutario fixo efectuarase sempre a través do sistema de concurso-oposición.
- B) A selección do persoal estatutario fixo efectuarase con carácter xeral a través do sistema de concurso-oposición.
- C) A selección do persoal estatutario fixo efectuarase con carácter xeral a través do sistema de concurso.
- D) A selección do persoal estatutario fixo efectuarase sempre a través do sistema de oposición.

**4. O artigo 3 da Lei de saúde de Galicia define a saúde como:**

- A) O estado da persoa que lle permite realizar as funcións vitais e sociais propias da súa idade, incluíndo os aspectos físicos e psíquicos.
- B) O estado da persoa que lle permite adaptarse e superar dificultades de forma socialmente aceptable e persoalmente satisfactoria. Este concepto inclúe, polo tanto, os aspectos físicos e psíquicos.
- C) O estado da persoa que lle permite realizar as funcións vitais e sociais propias da súa idade, adaptarse e superar dificultades de forma socialmente aceptable e persoalmente satisfactoria. Este concepto inclúe, polo tanto, os aspectos físicos, psíquicos e sociais.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**5. De acordo co recollido na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, son dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero:**

- A) O dereito á información.
- B) O dereito á atención integral.
- C) O dereito á atención sanitaria.
- D) Todas as respostas son correctas.

**6. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, establece no seu artigo 2:**

- A) A presente Lei será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos.
- B) A presente Lei será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados, sexan ou non concertados co Servizo Galego de Saúde.
- C) A presente Lei será de aplicación a todo tipo de asistencia sanitaria que se preste na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros e establecementos sanitarios públicos ou privados concertados co Servizo Galego de Saúde.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**7. De acordo coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o incumprimento das normas sobre incompatibilidades, cando supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade:**

- A) Está tipificado como falta grave.
- B) Está tipificado como falta moi grave.
- C) Está tipificado como falta moi grave se a situación se mantén por un prazo superior a un ano.
- D) Está tipificado como falta moi grave se a situación se mantén por un prazo superior a dous anos.

**8. De acordo co artigo 5 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde:**

- A) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo ás funcións que desenvolva.
- B) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo á función desenvolvida e ao tipo do seu nomeamento.
- C) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo ao nivel do título esixido para o ingreso e ao tipo do seu nomeamento.
- D) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo á función desenvolvida, ao nivel do título esixido para o ingreso e ao tipo do seu nomeamento.

**9. De acordo co artigo 11 da Constitución española:**

- A) Os españois poderán ser privados da súa nacionalidade por sentenza do Tribunal Constitucional.
- B) Ningún español de orixe poderá ser privado da súa nacionalidade.
- C) Ningún español poderá ser privado da súa nacionalidade.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**10. De acordo co establecido no artigo 1.2 da Lei xeral de sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:**

- A) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- B) Todos os españois que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que residan polo menos 10 meses ao ano en territorio nacional.
- D) Ningunha opción é correcta.

**1. De acordo co artigo 8 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:**

- A) O titular do dereito á información é o paciente. Tamén serán informadas as persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito, na medida en que o paciente o permita de forma expresa.
- B) O titular do dereito á información é o paciente. Tamén serán informadas as persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito, na medida en que o paciente o permita de forma expresa ou tácita.
- C) O titular do dereito á información é o paciente e as persoas vinculadas a el, por razóns familiares ou de feito.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**2. De acordo co artigo 1 da Constitución española, España constitúese en:**

- A) Un Estado social e democrático de dereito.
- B) Un Estado social de dereito.
- C) Un Estado democrático de dereito.
- D) Un Estado plural e democrático de dereito.